

DISCURSO DE INAUGURACIÓN DO II CONGRESO DE SOFTWARE LIBRE PARA A EDUCACIÓN ORGANIZADO POR IGACIENCIA

Felicitas Rodríguez González (felicitas.rodriguez.gonzalez@xunta.es)

Benvidos a Santiago de Compostela a esta segunda edición do Congreso de Software Libre para a educación.

Dende a AMTEGA, agradecemos o convite para participar neste evento organizado por IGACIENCIA co seu traballo a prol da Ciencia Galega e do Galego na Ciencia. Na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia temos como obxectivo impulsar a modernización da Administración pública así como o desenvolvemento económico e social de Galicia no ámbito das TIC. Polo tanto, para min é un enorme pracer ter a oportunidade de dirixirme a tantos docentes galegos que se involucran no uso e fomento das novas tecnoloxías no ámbito educativo.

Dentro das TIC, o Software Libre está a supoñer un cambio na forma na que se relacionan os desenvolvedores e os usuarios das ferramentas tecnolóxicas. No ámbito educativo permítenos estudar o código fonte e comprender como están feitos os programas. Os seus desenvolvedores cédennos a liberdade para usalo, adaptalo e distribuílo. Estas liberdades permítennos deixar de ser clientes e suxeitos pasivos usuarios da tecnoloxía, outorgándonos como usuario a capacidade de decidir se queremos adaptar o software ou compartilo libremente entre nós. O software libre, dende o punto de vista científico, permítenos achegar o coñecemento ós nosos rapaces sobre o funcionamento interno dos programas de ordenador e ademais está dispoñible de forma universal. Isto supón que poden usar na casa o que lles ensina na escola sen que supoña un esforzo económico adicional.

Dada a filosofía completamente aberta que ten detrás, o Software Libre está a permitir que empresas e voluntarios de todo o mundo estean a colaborar entre elas de xeito activo, xerando solucións software da máxima calidade, potenciando a innovación tecnolóxica de xeito vertixinoso, e creando valor económico que repercute directamente na sociedade. O Software Libre é un exemplo magnífico das virtudes e beneficios do traballo cooperativo e do ben común, e de como o mesmo transforma a sociedade.

Tales virtudes do software libre, así como a fortaleza da súa comunidade en Galicia, foron as que nos convenceron para empregar solucións de fontes abertas nos proxectos tecnolóxicos estratéxicos da Xunta de Galicia, sendo especialmente salientable a súa presenza nos dous proxectos de maior calado no ámbito educativo e da alfabetización dixital: o **Proxecto Abalar** e máis a **Rede CeMIT**.

O **Proxecto Abalar**, que xa todos coñecedes, e a iniciativa educativa do goberno galego para que os nosos nenos adquiran competencias dixitais. En Galicia todo o equipamento dispoñible para os mesmos funciona integramente baixo software libre, tanto a

nivel de escritorio como a nivel de aplicacións. Máis de 44.000 alumnos galegos están a empregar unicamente software libre no seu día a día na escola.

A **Rede CeMIT** é a iniciativa do goberno galego para impulsar as TIC e a sociedade da información no conxunto da sociedade galega, axudando a diminuír a fenda dixital. Actualmente a Rede CeMIT conta con máis de 18.000 usuarios en toda Galicia, no ano 2013 está previsto impartir 40.000 horas de formación repartidas pola xeografía galega. O Software Libre é a ferramenta que se atopa no corazón de toda esta rede.

Pero a aposta do goberno galego polo Software Libre non se limita unicamente a proxectos singulares, senón que está liderada por unha **estratexia global e unificada que se plasma ano a ano en cadanseu Plan de Acción en materia de Software Libre dende 2010**. Deste xeito o Plan Software Libre para o presente ano 2013 contempla máis de 120 accións de fomento e difusión do software de fontes abertas, destacando os seguintes aspectos:

- É un **Plan enmarcado na Axenda Dixital 2014.gal**, coordinado e consensuado cos distintos axentes software libre galegos, entre os que podemos destacar a Asociación Galega de Empresas de Software Libre, as nosas 3 Universidades e mailas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre. Este plan contempla un investimento específico de 923.000€ para a súa execución, orzamento.
- É un Plan dirixido a aumentar a **eficiencia da inversión pública en tecnoloxía**, fomentando a reutilización de software libre nas contratacións TIC, formando aos empregados públicos no uso do software libre e afondando na liberación de proxectos software promovidos pola Xunta de Galicia.
- **Achégalle recursos á comunidade de localización ao galego do software libre**, axudando deste xeito a que cada vez máis software de fontes abertas estea dispoñible 100% en galego. Neste eido cabe agradecer á comunidade galega de tradución xa que co seu encomiable traballo consegue que versión tras versión importantes ferramentas libres como Firefox, Gnome, Libre Office, etc. estean dispoñibles totalmente en galego dende o día de lanzamento.

Toda esta estratexia de fomento do Software Libre non só está axudando a fortalecer o noso tecido TIC e a diminuír a dependencia tecnolóxica das entidades galegas, senón que tamén nos está a permitir un crecente aforro no gasto tecnolóxico que se pode investir na mellora dos servizos públicos en lugar do gasto de licencias. Neste eido, dende o 2010 podemos cifrar en máis de 2,5 millóns de euros o aforro para as arcas públicas derivado do uso de software libre en proxectos tecnolóxicos estratéxicos como o Proxecto Abalar, a Rede CeMIT ou o desenvolvemento da Administración electrónica. Isto permítenos achegar a máis cidadáns a tecnoloxía.

Xa para rematar, quero trasladarvos a vós, como docentes que vos esforzades día a día por incentivar a curiosidade das estudantes galegos, a importancia que ten aproveitar o coñecemento e experiencias que vos trasladarán os relatores para que os apliques nas aulas. Gustaríame darvos as grazas unha vez máis a todos polo voso interese no Software Libre e deixádeme desexarvos moito ánimo a todos.